



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2023

XORNADAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO E VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL (DÍAS 7, 9 E 16 DE NOVIEMBRE)

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en colaboración co Consello da Avogacía Galega e as consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes e de Emprego e Igualdade, organiza unhas xornadas de formación inicial e continua sobre violencia de xénero e atención profesional a vítimas de violencia sexual.

Formación inicial

Esta formación, ou aqueloutra que sexa asimilable, é necesaria para aqueles colexiados e colexiadas que soliciten a súa incorporación á quenda específica de violencia de xénero, en cumprimento da esixencia en canto a formación específica nesta materia que se establece na lexislación vixente.

Formación continua

Esta formación, ou aqueloutra que sexa asimilable, é así mesmo necesaria para os colexiados e colexiadas que xa estean na quenda de violencia de xénero pero que non acrediten formación continua na materia durante **os tres últimos anos** (acordo da Xunta de Goberno do ICASC do 07.10.2019).

Días: 7, 9 e 16 de novembro de 2023

Horario: 18.00 a 20.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago (poderase variar en función do número de persoas matriculadas e a cabida necesaria)

Inscripción: deberá solicitarse cubrindo o seguinte [formulario](#), antes do **31 de outubro ás 14.00 h.**

Prezo: **gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago**

Para as demais persoas interesadas o prezo será de 100 euros. Deberase contactar co departamento de contabilidade do ICASC para realizar o pagamento.

Certificación: O ICA Santiago entregará a correspondente certificación de asistencia e aproveitamento que se estima suficiente para o acceso á quenda de oficio de violencia de xénero. Terán dereito a esta certificación as persoas que asistan, cando menos, ao 80 % das horas do curso e demostren aproveitamento na materia impartida.



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2023

Programa:

Martes, 7 de novembro

18.00 h: “A valoración da proba nos delitos contra a liberdade sexual”

José Gómez Rey, maxistrado da Sección 6ª da AP da Coruña

19.15 h: “Violencia de xénero e sexual nas redes”

Antonio Roma Valdés, fiscal da Fiscalía de Área de Santiago de Compostela

Xoves, 9 de novembro

18.00 h: “A violencia económica e as súas consecuencias. Análise da lexislación e xurisprudencia”

María Martín González, responsable da Comisión de Igualdad y Turno de Violencia de Género do ICA Oviedo

19.15 h: “Acusación particular en delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual”

Sara Belén Sánchez Gamonal, avogada do Centro de Atención a Víctimas de Violencia Sexual da Comunidad de Madrid (CIMASCAM)

Xoves, 16 de novembro

18.00 h: “Actuación forense nos delitos contra a integridade sexual”

Begoña Rubio Viqueira, médica forense nos Xulgados de Santiago de Compostela

19.15 h: “Modificación do artigo 94 do Código civil. Suspensión do réxime de visitas. Recurso ante o TC”

Marta del Pozo Pérez, maxistrada substituta da AP de Salamanca e profesora titular da Universidad de Salamanca

Como complemento a estas xornadas, durante o mes de novembro tamén se organizará outra formación sobre “atención profesional a menores de idade vítimas de situacións de violencia”. Nunha próxima circular informaremosvos da súa programación.